



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OURENSE PARA A RENOVACIÓN DAS LUMINARIAS DA PONTE DO MILENIO E A EXECUCIÓN DA INSTALACIÓN SEMAFÓRICA DOS ACCESOS AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Jesús Vázquez Abad, na súa condición de alcalde do Concello de Ourense, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. No Concello de Ourense, a Ponte do Milenio forma parte da estrutura viaria que conecta no seu extremo norte coa estrada nacional N-520 e no seu extremo sur coa rúa Pardo de Cela, de titularidade municipal, e cunha lonxitude de 422 metros.

Tras 15 anos en servizo, a Ponte do Milenio non presenta danos estruturais pero foi preciso realizar unha serie de actuacións para contribuír ao seu bo mantemento e a unha mellor conservación, e con tal fin, asinouse o día 17/12/2015 un convenio de colaboración entre o concello e a Axencia Galega de Infraestructuras. Con este convenio tamén se regularizou



xuridicamente a titularidade da Ponte do Milenio pasando a ser do concello unha vez recibidas as obras.

Durante a execución das devanditas obras identificouse que a iluminación artificial da ponte necesita da reposición e reparación das súas luminarias, para evitar causar unha sensación de inseguridade a condutores e peóns que circulan por ela de noite, sendo precisa a revisión e posta a punto da instalación de iluminación de todo o viaduto.

No marco do convenio xa desenvolvido e das obras contratadas non foi posible acometer esta labor, polo que se considera necesario realizala e así completar a actuación.

Segundo. Tamén no Concello de Ourense, a Axencia Galega de Infraestructuras ten recentemente finalizado a obra de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de clave OU/16/040.03. De acordo co convenio asinado con data 15 de marzo de 2016 entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestructuras, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense, correspóndelle ao concello a titularidade, explotación, mantemento e conservación das obras e os seus servizos.

Manifesta, non obstante, o Concello de Ourense, que resulta imprescindible para a funcionalidade e seguridade viaria dos usuarios do hospital e do novo viario urbanizado, a realización dunha instalación semafórica que permita regular o tráfico de vehículos e peóns na zona.

No marco do convenio xa desenvolvido e das obras contratadas non foi posible acometer esta labor, polo que se considera necesario realizala e así completar a actuación.

Terceiro. De acordo co artigos 7.2 do seu Estatuto, á Axencia Galega de Infraestructuras correspóndelle o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia.



Cuarto. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria das persoas usuarias vulnerables.

Quinto. O Concello de Ourense está interesado en revisar e poñer a punto a instalación eléctrica e iluminación de toda a Ponte do Milenio, mediante a reposición de proxectores que se atopan rotos, deteriorados ou que non existan, asegurando a axeitada iluminación de calquera superficie para o uso previsto, tanto de circulación de vehículos como peonil. Ademais, considera imprescindible para a funcionalidade e seguridade viaria do acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) a realización da instalación semafórica.

Sexto. Coa iluminación do Ponte do Milenio e a instalación semafórica do acceso CHUO acadarase unha mellora da seguridade viaria e peonil, dándolle funcionalidade a aquela, e completándose así as actuacións no entramado de pontes e pasarelas da cidade de Ourense, así como a funcionalidade e seguridade viaria do acceso ao complexo hospitalario, contribuíndo deste xeito á posta en valor da riqueza da contorna.

Sétimo. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para reparación das luminarias da ponte do milenio e a execución da instalación semafórica dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.



O orzamento de execución destas actuacións estímase en **SESENTA E OITO MIL NOVECENTOS VINTE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (68.920,45 €)** IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Ourense cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello de Ourense:

1. Elaborar o documento técnico e executar as actuacións obxecto do convenio.
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados,



nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción dos contratos para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

8. O concello deberá dar publicidade dos contratos mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **SESENTA E OITO MIL NOVECENTOS VINTE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (68.920,45 €)** , con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999 06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2017.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Ourense xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:



- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2017. A data límite para a xustificación destes gastos é o 30.11.2017.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestructuras a favor do Concello de Ourense, este



deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestructuras e dun representante do Concello de Ourense.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade



procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestructuras publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de In-
fraestructuras

O alcalde do Concello de Ourense

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Jesús Vázquez Abad